

ADDENDA PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA E PARA A MODIFICACIÓN DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-D5000-2021- 001085 "INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOCONSUMO CONECTADAS Á REDE EN DIVERSOS EDIFICIOS DOS MUNICIPIOS DE CALDAS DE REIS, CATOIRA, DOZÓN, FORCAREI E RIBADUMIA"; QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 85% DA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION-EU, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA C2.14 «PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO», A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS IMPULSADA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:



ADDENDA PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA E PARA A MODIFICACIÓN DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-D5000-2021- 001085 "INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOCONSUMO CONECTADAS Á REDE EN DIVERSOS EDIFICIOS DOS MUNICIPIOS DE CALDAS DE REIS, CATOIRA, DOZÓN, FORCAREI E RIBADUMIA"; QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 85% DA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION-EU, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA C2.I4 «PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO», A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS IMPULSADA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000)

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra parte, Jacobo Pérez Gulín, alcalde do Concello de Caldas de Reis, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LRBRL.

E actuando Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

EXPOÑEN

I. Que en data 1 de marzo de 2023, o Concello de Caldas de Reis e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron o convenio de colaboración para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. PR-D5000-2021- 001085 "Instalacións Fotovoltaicas Sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia".



II. Na cláusula segunda do convenio, denominada “Ámbito de actuación”, establécese o seguinte:

“A continuación defínense a localización das actuacións a realizar, segundo o recollido na memoria descriptiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do Concello:

Concello de Caldas de Reis	
Caldas de Reis	<i>Na casa consistorial a potencia eléctrica da instalación será de 21,76 kW e a súa produción anual estimada será de 26.658 kWh.</i>
	<i>No polideportivo e na piscina municipal a potencia eléctrica da instalación será de 20,40 kW e a súa produción anual estimada será de 23.876 kWh.”</i>

III. Na cláusula terceira do convenio, denominada “Importe e financiamento”, establécese o seguinte:

“(…) No caso concreto das actuacións a realizar no termo municipal correspondente ao Concello o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

Concello	Investimento elixible admitido	Axuda IDAE outorgada (85%)	Achega do Concello	Achega da Deputación de Pontevedra
Caldas de Reis	55.823,35€	47.232,83€	4.124,65€	4.465,87€

A Deputación comprométese a achegar para a realización das actuacións nos Concellos descritas neste convenio de colaboración o importe que ascende a catro mil catrocentos sesenta e cinco euros con oitenta e sete céntimos de euro (4.465,87€) consignados na aplicación 23/942-1700-652.15/2021, dentro do proxecto de gastos codificado como “investimentos xestionados para Concellos (Proxectos EBC IDAE – Eficiencia Enerxética)”.

O Concello financiará o importe restante, é dicir, catro mil cento vinte e catro euros con sesenta e cinco céntimos de euros (4.124,65€), que se ingresará antes de que finalice o mes de marzo do 2023 coa fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. (...)”

IV. A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de día 2 de agosto de 2024 acordou resolver o lote 2 (Proxecto 2. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis) do contrato de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia.

V. O devandito lote do contrato, subscrito coa empresa Setga, S.L.U. (CIF: B36699064), resólvese ao abeiro da causa de resolución establecida no artigo 211.1, letra g) da LCSP. Ante a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, sen que sexa posible modificar o contrato



conforme aos artigos 204 e 205. Dita causa motívase na autorización sectorial emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que impide a colocación de paneis fotovoltaicos na cuberta do edificio catalogado da Casa do Concello, Antigo Cárcere, o que supón a imposibilidade de executar máis do 50 por cento das obras.

VI. Seguindo os condicionantes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural indicados na Resolución sobre unha intervención no camiño de Santiago para a autorización das obras descritas no proxecto "Proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis", reformulouse o proxecto para volver licitar.

VII. O orzamento de execución por contrata do proxecto reformulado ascende a 25.774,21 € (IVE engadido), polo que diminúe en 26.782,14 € respecto do proxecto inicial 52.556,35 €.

VIII. En relación co anterior financiamento, tanto a axuda do IDAE como as achegas de Deputación e do Concello de Caldas de Reis diminúen.

A Deputación debe realizar a devolución ao Concello de Caldas de Reis da cantidade de 486,28 €, unha vez rematada a obra, xa que para o financiamento do anterior proxecto este Concello ingresou a cantidade de 4.124,65 € na data 15/03/2023 na conta bancaria da Deputación.

IX. Na data 02/10/2024 a Deputación Provincial aproba mediante Resolución Presidencial nº 2024007696 o proxecto reformulado desta actuación.

X. Que dada a coincidencia de obxectivos e o interese común de ambas administracións, manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda ao convenio co obxecto de proceder á modificación parcial das dúas cláusulas, con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- Modificar a cláusula segunda do convenio, denominada "Ámbito de actuación", quedando redactada do seguinte xeito:

"A continuación defínense a localización das actuacións a realizar, segundo o recollido na memoria descriptiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do Concello:

Concello de Caldas de Reis	
Caldas de Reis	No polideportivo e na piscina municipal a potencia eléctrica da instalación será de 20,40 kW e a súa produción anual estimada será de 23.876 kWh."

Segundo.- Modificar parcialmente a cláusula terceira do convenio, denominada "Importe e financiamento", quedando redactada do seguinte xeito:



"(...) No caso concreto das actuacións a realizar no termo municipal correspondente ao Concello o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

<i>Concello</i>	<i>Investimento elixible admitido</i>	<i>Subvención máxima do IDAE</i>	<i>Achega do Concello</i>	<i>Achega da Deputación de Pontevedra</i>
<i>Caldas de Reis</i>	29.041,21 € (25.774,21 € proxecto +3.267,00 € honorarios técnicos)	23.079,54 €	3.638,37 €	2.323,30 €"

Terceiro. En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 01 de marzo de 2023 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Caldas de Reis, Jacobo Pérez Gulín

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay

